

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 2 DE XANEIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dous de xaneiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local en segunda convocatoria, por non existir quórum para a válida constitución en primeira convocatoria, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e dona Maria Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de decembro de 2019

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós e dona Elisa Pestonit Barreiros) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Servizo de Xestión de Plans. Sección de Plans Provinciais da excma Deputación Provincial da Coruña, respecto da aprobación da segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + Adicional 1/2019 por maior achega provincial. (Boletín Oficial da Provincia número 244, do 24 de decembro de 2019).

- Orde do 12 de decembro de 2019, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro de 2019).

- Resolución do 18 de decembro de 2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021,

cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. (Diario Oficial de Galicia número 247, do 30 de decembro de 2019).

- Real decreto-lei 18/2019, de 27 de decembro, polo que se adoptan determinadas medidas en materia tributaria, catastral e de seguridade social. (Boletín Oficial do Estado número 312, do 28 de decembro de 2019).

- Real decreto 748/2019, de 27 de decembro, do Ministerio de Facenda, polo que se modifica o Real decreto 636/2014, de 25 de xullo, polo que se crea a Central de Información económico-financiera das Administracións Públicas e se regula a remisión de información polo Banco de España e as entidades financieras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. (Boletín Oficial do Estado número 312, do 28 de decembro de 2019).

- Real decreto 749/2019, de 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento do Inventario de Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local. (Boletín Oficial do Estado número 312, do 28 de decembro de 2019).

3º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 20 ao 26 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2610/2019 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 2652/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2610/2019	20-12-2019	Aprobación de facturas e certificacións de obra correspondentes a "Pechamento perimetral de polideportivo Portofaro"
2611/2019	20-12-2019	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 26 de decembro de 2019
2612/2019	20-12-2019	Nomeamento de axente de protección civil interino por vacante.
2613/2019	20-12-2019	Licenza de obra para construción de vivenda illada en Formigueiro, Brexo
2614/2019	20-12-2019	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical 2019 - IV
2615/2019	20-12-2019	Concesión axuda recibo luz a AICP por importe de 75,24 euros
2616/2019	20-12-2019	Renuncia a licenza de vao permanente concedida a Emprego Social, SL para o acceso ao local sito na rúa Amil, destinado a local de empresa de servizos de limpeza.
2617/2019	20-12-2019	Renuncia ao vao laboral concedido a constructora "Los Álamos, S.A." para o acceso ás obras de construción dun edificio sito entre a rúa Francisco Añón e a rúa Abeleira.
2618/2019	20-12-2019	Solicitan baixa de vao permanente concedido a MSF, SL para o acceso ao local sito na rúa Pígara, parroquia do Temple
2619/2019	20-12-2019	Autorizar o cambio de titularidade a prol de MRQ da licenza de vao permanente concedida a MQA para o acceso á vivenda sita en Seoane, Anceis
2620/2019	20-12-2019	Pagamento parte proporcional paga extraordinaria do mes de decembro de 2019 alumna escola taller
2621/2019	23-12-2019	Concesión de segunda prorroga de finalización da vivenda sita en Lamiño-Bribes. Solicitante: JMPC
2622/2019	23-12-2019	Expediente de xeración de crédito número 10/2019. Achega do AGADER á actuación "Ampliación centro social Lendoiro-Cecebre"
2623/2019	23-12-2019	Procedemento de comprobación limitada PCL 8/2019, á EGM S.L.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

2624/2019	23-12-2019 1	Expediente de transferencia de crédito núm. 16/2019. Local social de Lendoiro-Cecebre
2625/2019	23-12-2019	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Reordenación ámbito urbano fase II (Estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano)", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 25.433,38 euros, así como o seu pagamento
2626/2019	23-12-2019	Aprobación de certificacións correspondentes á obra "Actuación para o cambio estético do polideportivo O Graxal", e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes as facturas por importe total de 69.475,32 euros, así como o seu pagamento
2627/2019	23-12-2019	Proxecto PRISMA Alta participantes
2628/2019	23-12-2019	Convocatoria de concurso para a provisión dos postos de traballo vacantes no Concello de Cambre de policía local e capataz de brigada de obras
2629/2019	23-12-2019	Aprobación das liquidacións do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de novembro de 2019
2630/2019	23-12-2019	Non admisión da reclamación indemnización por lesións sufridas debido a unha caída na beirarrúa cando tropezou cunha arqueta situada diante do local social da Xuventude de Cecebre o día 2 de xullo de 2019. Expte. 2019/P001/000023
2631/2019	23-12-2019	Aceptación do importe de 5.454,33 euros consignado no Xulgado Instrución nº 7 da Coruña (Dilixencias previas proc. Abreviado 0001410/2017), por danos ocasionados ao patrimonio municipal.
2632/2019	23-12-2019	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2018
2633/2019	23-12-2019	Convenio de colaboración entre o concello de Cambre e o Club Ciclista Cambre para a promoción do ciclismo durante 2019
2634/2019	26-12-2019	Licenza de parcelación de finca no lugar de Drozo, a favor de dona MTC
2635/2019	26-12-2019	Licenza de obra para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no Toural, Cambre a favor de dona USCF
2636/2019	26-12-2019	Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Lendoiro Cecebre promovida por ABPG
2637/2019	26-12-2019	Licenza de segregación en Nebrixe, propiedade de JLMR
2638/2019	24-12-2019	Autorización transmisión mortis causa do dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada co número 122, fila 2, letra D, no cemiterio municipal de Cambre a favor de dona BNDM
2639/2019	26-12-2019	Licenza para segregación de finca sita en Meixigo, Cambre, de 2804 m ² , en 2 fincas de 1412,05 m ² e 1291,65 m ² , máis outras 2 de 18,10 m ² e 82,20 m ² para a súa cesión ao concello para regularización do viario
2640/2019	24-12-2019	Autorización transmisión mortis causa, do dereito de uso das urnas perimetrais sinaladas co nº 88, letras A, B a favor de don L.G.R. e co nº 88, letras C e D, a favor de don A.G.R.
2641/2019	26-12-2019	Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Brexo promovido por RH, S.L
2642/2019	24-12-2019	Autorización transmisión mortis causa do dereito de uso privativo sobre a urna perimetral nº 138, letra D, no cemiterio municipal de Cambre a favor de MC.T.A.
2643/2019	26-12-2019	Licenza de segregación de finca en Lg. Bandedó (logo da agrupación de propiedades) propiedade de JASG
2644/2019	26-12-2019	Licenza de primeira ocupación para vivenda sita en Altamira, Anceis
2645/2019	26-12-2019	Licenza para reconstrución e consolidación parcial do muíño dos Galiñeiros, Cecebre propiedade de MTSLL
2646/2019	24-12-2019	Transmisión do dereito de uso privativo das urnas sinaladas coas letras A, B, C

		e D do panteón perimetral número 47 a prol de dona TMV
2647/2019	24/12/2019	Expediente de transferencia de crédito núm. 17/2019. Liquidacións obras área de gasto 1
2648/2019	26-12-2019	Aprobación da taxa polo servizo de recadación dos ingresos municipais liquidada no exercicio 2019
2649/2019	26-12-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 78.312,75 euros
2650/2019	26-12-2019	Avocación de competencias da sexta tenente de alcalde dona María Dolores Pan Lesta, dende o día 2 ao 7 de xaneiro de 2020, ambos os dous incluídos
2651/2019	26-12-2019	Concesión axuda recibo por importe de 92,14 euros a AMSL
2652/2019	26-12-2019	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do cuarto trimestre de 2019

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adjudicación da “Organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Vitaevents, S.L.”, no prezo ofertado para dous cursos escolares de 18.788,38 euros sen IVE, 20.921,42 euros IVE incluído. Expte: 2018/C004/000024

- Proposta de adjudicación ao licitador Pinturas González Iglesias, S.L. no prezo ofertado de 5.788,60 € sen IVE, (7.004,21€ IVE incluído), da obra de “Pintura e reparación de humidades e gretas no interior do Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre”. Expediente núm. 2019/C002/000436

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos catro concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

A.- Proposta de adjudicación da “Organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre”, a prol do licitador “Vitaevents, S.L.”, no prezo ofertado para dous cursos escolares de 18.788,38 euros sen IVE, 20.921,42 euros IVE incluído. Expte: 2018/C004/000024

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 27 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2018/C004/000024 para a adjudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da “Organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre”, cun orzamento base de licitación de 25.480,16 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que consta nas Actas da Mesa de Contratación de datas 5 e 13 de novembro de 2019, respecto das ofertas presentadas no presente procedemento, así como a proposta de adjudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 13 de novembro de 2019, a prol do licitador “Vitaevents, S.L.”, no prezo ofertado para dous cursos escolares de 18.788,38 euros sen IVE, 20.921,42 euros IVE incluído, por ser a entidade que obtén unha maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares, isto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe da animadora deportiva adscrita a Educación de data do 19 de decembro de 2019.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria accidental da Corporación, de data 26 de decembro de 2019, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 466/2019 emitido polo interventor da Corporación con data do 26 de decembro de 2019.

Á vista do establecido na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: De conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 18 de outubro de 2019, declarar válida a licitación, admitindo nela as proposicións presentadas polas empresas que a seguir se relacionan, por cumprir as condicións e requisitos establecidos na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente e ter achegado debidamente cuberta a Declaración responsable segundo o modelo do Anexo II do mesmo:

- Hebe Sport, S.L.
- Serviplus total, S.L.
- Vitaevents, S.L.

Segundo: De conformidade co informe emitido pola educadora deportiva adscrita Educación con data de 23 de outubro de 2019, e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 5 de novembro de 2019, aprobar as seguintes puntuacións globais outorgadas aos tres licitadores admitidos, correspondentes aos criterios de valoración non evaluables mediante fórmulas, que constan na cláusula 13.2 *Criterios para a adxudicación do contrato*, apartado b) *Memoria de execución do programa*, do Prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESAS	Total puntos
Hebe Sport S.L.	9,50
Serviplus total S.L.	8,78
VitaEvents S.L.	10,00

Terceiro: De conformidade co informe emitido pola educadora deportiva adscrita Educación con data de 7 de novembro de 2019, e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de novembro de 2019, aprobar as seguintes puntuacións globais outorgadas aos tres licitadores admitidos, correspondentes aos criterios de valoración avaliados automaticamente, que constan na cláusula 13.2 *Criterios para a adxudicación*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

do contrato, apartados a) *Oferta económica* e c) *Porcentaxe de persoal fixo en relación co cadro de persoal global da empresa*, do Prego de cláusulas administrativas particulares:

Empresa	Puntuación Oferta económica	Puntuación porcentaxe de persoal fixo en relación co cadro de persoal global da empresa	TOTAL
HEBE SPORT SL	0,00	10,00	10,00
SERVIPLUSTOTAL S.L.	58,74	5,39	64,13
VITAEVENTS S.L.	80,00	1,55	81,55

Cuarto: Aprobar, de conformidade cos apartados anteriores do presente acordo e cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación con data do 13 de novembro de 2019, a seguinte orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta os criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, sen que ningunha das ofertas presentadas resulte anormalmente baixa:

	Empresa	Criterios xuízo de valor	Criterios automáticos	TOTAL
1ª	VITAEVENTS S.L.	10,00	81,55	91,55
2ª	SERVIPLUSTOTAL S.L.	8,78	64,13	72,91
3ª	HEBE SPORT SL	9,50	10,00	19,50

Quinto: De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación o 13 de novembro de 2019, adjudicar o servizo de "Organización e desenvolvemento das actividades educativas do Concello de Cambre", á empresa "Vitaevents, S.L.", con NIF *****9681 e domicilio en Langreo 4 - 33206 Gijón (Asturias), nos seguintes prezos ofertados, por ser a entidade que obtivo a maior puntuación en aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2 do prego de cláusulas administrativas particulares sen resultar anormalmente baixa, e ter presentado en prazo a documentación requirida na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas particulares

Prezos unitarios:

RECURSOS HUMANOS:	Prezo/hora/ Persoal, incluído gastos xerais e beneficio industrial	IVE (21%)	TOTAL
Actividade predeportiva e deportiva	19,18 €	4,02 €	23,20 €
Actividade cultural	19,18 €	EXENTO	19,18 €
"Educar xogando"	19,18 €	4,02 €	23,20 €
Escola de pais e nais	20,59	4,32 €	24,91 €
MATERIAL:	Prezo material/participante/día, incluído gastos xerais e beneficio industrial	IVE (21%)	TOTAL
MATERIAL ACTIVIDADES	0,20	0,04€	0,24 €

- De acordo cos importes anteriores, resulta un prezo total por curso escolar de:

- Prezo por curso escolar SEN IVE: 9.394,19 euros
- IVE: 1.066,52 euros
- Total por curso escolar IVE incluído: 10.460,71 euros

- O prezo total ofertado para os dous cursos escolares 2019/20 e 2020/21 é o seguinte:

- Prezo SEN IVE: 18.788,38 euros
- IVE: 2.133,04 euros
- Total IVE incluído: 20.921,42 euros

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que obtivese a maior puntuación atópanse principalmente no prezo ofertado, e na memoria de execución do programa, criterios nos que a empresa obtivo as maiores puntuacións.

Sexto: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, isto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

De conformidade co establecido na cláusula 25 , puntos 2 e 3, do Prego de cláusulas administrativas particulares, o adxudicatario deberá presentar, antes da sinatura do contrato, as correspondentes copias subscritas das pólizas de seguros de responsabilidade civil e accidentes específico para os participantes nestas actividades, cuos contidos se axusten ás coberturas e contías mínimas establecidas na citada cláusula.

Así mesmo, e con carácter previo ao inicio da execución do contrato ou prestación do servizo, o contratista deberá acreditar que dispón dos medios personais adscritos ao contrato, mediante a achega dos contratos formalizados e demais documentos relacionados nos puntos 2 a 5 da cláusula 15.J) do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Sétimo: De conformidade coa cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares e máis co art. 62 Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, designar como responsable do contrato ao coordinador de Cultura e Educación municipal, a quen corresponderá a labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias, co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos licitadores presentados e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Noveno: Notifíquese ao responsable do contrato, e máis ao departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Proposta de adjudicación ao licitador Pinturas González Iglesias, S.L.no prezo ofertado de 5.788,60 € sen IVE, (7.004,21€ IVE incluído), da obra de “Pintura e reparación de humidades e gretas no interior do Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre”. Expediente núm. 2019/C002/000436

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 30 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 15 de outubro de 2019 elabórase pola arquitecta técnica municipal o documento denominado “Descrición Técnica para o Pintado do Centro Municipal de Formación”, no que se describen e valoran as actuacións a realizar nos diversos espazos no Centro Municipal de Formación, espazos que se deterioraron debido ao uso ao que están sometidos, por un importe de 6.760,99 euros sen IVE, e 8.180,80 euros IVE incluído.

Con data 8 de novembro emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación no cumprimento das competencias municipais en materia de equipamentos da súa titularidade (art. 25.2.d) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), debido a que, dende a data de inauguración, nunca se fixo ningún traballo de reparación ou pintado de paramentos verticais e horizontais nestas instalacións, polo que na actualidade hai moitas aulas e zonas comúns que necesitan con moita urxencia a execución destes traballos. Así mesmo, este tipo de traballos non poden considerarse de carácter habitual, xa que se levan a cabo tras anos de uso dependendo dos deterioros que se vaian producindo, os cales poden deberse a distintos motivos, o tipo de especialidades que se impartan, o volume de persoas que pasen polas instalacións, incidentes, etc, que fan necesario realizar pequenas obras de reparación e mellora dos espazos utilizados, etc. isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 do 1 de xullo .

Con data 13/11/2019 emítese polo interventor municipal informe de fiscalización nº 356/2019, favorable á tramitación do expediente , no que consta a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 241 21200 e que as empresas ás que se ten previsto solicitar oferta non superan os 40.000 euros en obras no presente exercicio orzamentario, emitíndose documento de retención de crédito con data do 13/11/2019.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adjudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 27/12/2019 emítese informe pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Pinturas González Iglesias, S.L.
- Pinturas y Decoración SVLONGO, S.L.
- Decoramallo, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Pinturas González Iglesias, S.L.	5.788,60€	7.004,21€
Pinturas y Decoración SVLONGO, S.L.	6.629,33€	8.021,48€

formulando proposta de adxudicación da obra "Pintura e reparación de humidades e gretas no interior do Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre", á entidade Pinturas González Iglesias, S.L. con CIF B1544...., e domicilio en O Pombo, nº37 , 15668, Pravio,Cambre,(A Coruña), no prezo ofertado de 5.788,60€ sen IVE, 7.004,21€ IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 30 de decembro actual, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Descrición Técnica para o Pintado do Centro Municipal de Formación", elaborado pola arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López cun importe de 6.760,99 euros sen IVE, e 8.180,80 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 241 21200

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000436, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do

sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para execución da obra de “Pintura e reparación de humidades e gretas no interior do Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre”, á entidade Pinturas González Iglesias, S.L. con CIF B1544....., e domicilio en O Pombo, nº37 , 15668, Pravio,Cambre,(A Coruña), no prezo ofertado de 5.788,60 € sen IVE, 7.004,21€ IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incursa en presunción de oferta anormalmente baixa.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López , a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese á arquitecta técnica municipal, directora da obra e responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e quince minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López